



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Métodos e recursos de investigación literario-cultural no ámbito anglófono	Código	613505114		
Titulación	Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (2019)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Inglés				
Modalidade docente	Híbrida				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Alonso Giraldez, Jose Miguel	Correo electrónico	miguel.giraldez@udc.es		
Profesorado	Alonso Giraldez, Jose Miguel	Correo electrónico	miguel.giraldez@udc.es		
Web	www.imaes.eu/?page_id=31				
Descrición xeral	<p>OBXECTIVOS:</p> <p>Ensinar ao estudiantado os obxectivos e métodos da investigación literaria e cultural na área de humanidades.</p> <p>Familiarizar ao estudiantado cos métodos de procura de información sobre temas de investigación literaria e cultural en inglés.</p> <p>Informar ao estudiantado sobre as tendencias dentro do ámbito académico anglosaxón en relación coa investigación literaria e cultural.</p> <p>Axudar aos estudiantado a distinguir na práctica diferentes actividades de investigación, co fin de preparalos como profesionais do mundo académico no campo literario e cultural en inglés.</p> <p>Xerar a aprendizaxe autónoma dos/as alumnos/as, pedíndolles que analicen textos, preparen presentacións e debates e escriban resumos, recensións e ensaios, seguindo as instrucións dadas en clase e en titorías.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A9	E09. Coñecemento dos principais modelos e recursos de investigación literaria/cultural no ámbito anglófono
A10	E10. Capacidade de utilizar as técnicas empregadas para a análise de textos artísticos e culturais no ámbito anglófono
A11	E11. Capacidade para identificar e analizar as características máis relevantes da cultura e das institucións do ámbito anglófono a través de diversos tipos de textos pertencentes a diferentes épocas históricas.
B10	CX5. Habilidade para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses
B11	CX6. Capacidade para adquirir un espírito crítico que leve aos estudantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes nas áreas de estudo que conforman os Estudos Ingleses, así como das súas propias.
B12	CX7. Habilidades de consolidación e desenvolvemento da competencia lingüística (nivel C2) no uso falado e escrito da lingua inglesa.
B13	CX8. Autonomía progresiva na aprendizaxe, procuras propias de recursos e información, accedendo para iso a fontes bibliográficas e documentais sobre os distintos ámbitos que conforman os Estudos Ingleses.
B14	CX9. Capacidade para realizar traballos de investigación de carácter académico nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses
B15	CX10. Capacidade para presentar e defender un traballo de investigación utilizando a terminoloxía e os recursos adecuados e apropiados dentro do campo obxecto de estudo.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	-------------------------------------



-Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base de ser orixinais nun contexto de investigación -Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos -Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos sobre as responsabilidades sociais e éticas -Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións a públicos especializados e non especializados -Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe autónomo -Capacidade de afondar naqueles conceptos, principios, teorías ou modelos relacionados cos Estudos Ingleses, -Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos na contorna multidisciplinar e multifacética dos Estudos Ingleses		BI11 BI12 BI14	
-Habilidade para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses -Capacidade para adquirir un espírito crítico que leve aos estudantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes -Autonomía progresiva na aprendizaxe (ex. procuras propias de recursos de información) -Capacidade para realizar traballos de investigación de carácter académico -Capacidade para presentar e defender un traballo de investigación		BI10 BI11 BI13 BI14 BI15	
-Coñecemento dos modelos e recursos de investigación literaria/cultural no ámbito anglófono -Capacidade de utilizar as técnicas empregadas para a análise de textos -Capacidade para identificar e analizar as características máis relevantes da cultura e das institucións	AI9 AI10 AI11		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción 2. O traballo de investigación (tipos e aspectos) 3. A escritura do traballo 4. Obxectivos, metodoloxía, corpus, argumentación e estrutura 5. Traballar con datos e fontes 6. O traballo con outros materiais 7. Requisitos lingüísticos 8. Manuais de estilo 9. Presentación e publicación dun traballo de investigación 10. Cuestións legais 11. Outras aplicacións da investigación literaria e cultural	Traballos prácticos para aprendizaxe dos estilos académicos. Contrución técnica das bibliografías. Traballo con fontes dixitais e en liña. Cibercultura e as humanidades dixitais. Traballo con ferramentas informáticas para a investigación. Os estudos culturais e a investigación. A literatura e a ecocrítica. A ecoloxía cultural.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A9 A10 A11	2	18	20
Presentación oral	B10 B11 B12 B13 B14 B15	5	0	5
Seminario	B10 B11 B13 B14 B15	10	40	50
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais).</p> <p>Os proxectos supervisados incluírán, entre outros, traballo online.</p>
Presentación oral	<p>Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado expón traballos.</p> <p>A presentación oral será un dos exercicios prácticos realizados polos/polas estudantes.</p>
Seminario	<p>Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema ou dunha lectura. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.</p> <p>Haberá sesións teóricas e prácticas, como tamén debates de clase.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Estou a disposición do estudantado previa cita por correo electrónico ou a través de Teams.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	B10 B11 B12 B13 B14 B15	-Preparación dunha presentación oral	30
Seminario	B10 B11 B13 B14 B15	-Participación na clase, durante as sesións presenciais e a través doutros medios (e-mail, fóruns de debate, plataforma virtual). Traballo con ferramentas dixitais de investigación.	20
Traballos tutelados	A9 A10 A11	As actividades, que normalmente se realizarán na aula, poden incluír, entre outras actividades: -Resumos críticos e/ou recensións das lecturas obrigatorias. -Escribir un resumo (obxectivos de investigación, enfoque, método, datos, resultados esperados) xunto coas súas palabras clave. -Escribir un ensaio de investigación -analizar documentos ou facer traballos de crítica literaria ou análise literario.	50

Observacións avaliación



-Para aprobar esta materia, hai que obter polo menos un 5 (sobre 10) EN CADA UNHA das actividades asignadas (i.e. traballos, presentación, etc.) e polo menos un 5 (sobre 10) na NOTA FINAL.

-Dado que o máster

contempla a aprendizaxe tanto presencial como a distancia, os/as estudantes deben asistir ás sesións na aula de clases, a menos que solicitasen e obtivesen a exención oficial da devandita asistencia. Neste caso, a avaliación realizarase da seguinte maneira: participación a través de canles como correo electrónico, foros de discusión, plataforma virtual, etc. (10%); exame oral ou escrito (20%); outras formas de traballo escrito (50%); e presentación oral, xa sexa en vivo ou gravada (20%). Estas normas son extensibles ao alumnado que, por causas debidamente xustificadas, non puidese acceder ao método de avaliación continua especificado arriba.

-Quen

non leve a cabo o traballo tutelado, ou non teña realizado traballo igual ou superior ao 50% do resto das categorías de avaliación, acadará a cualificación de Non Presentado. Quen non faga as probas principais, en calquera convocatoria, levará a nota de NON PRESENTADO.

-Quen non aprobe na primeira oportunidade terá á posibilidade da oportunidade de xullo, na que cada estudante terá que demostrar ter acadadas as competencias da materia mediante dous tipos de avaliación: un traballo tutelado do mesmo valor porcentual e natureza que na primeira oportunidade, máis os exercicios convidados que poidan suplir o resto das actividades.

-Como di a guía común, as competencias totais a adquirir nesta materia son: CB6, CB7, CB9, G01, G02, G04, G05, G06, G08, G09, G10, E09, E10, E11.

-Todos os traballos deberán ser entregados en tempo e forma para evitar así unha posible penalización.

-O profesorado pode usar o servizo de detección do plaxio ?Turnitin? para revisar o traballo do estudiantado. O plaxio en calquera actividade significará a cualificación de "cero" na mesma.

-Se o coordinador o considera conveniente, poderá haber temas de auto-estudo por parte do alumnado (ex. para ampliar coñecementos). Estes materiais, que non serán obxecto de avaliación, serán provistos en Moodle.

Calquera caso de plaxio ou fraude académico significará un suspenso (0) na materia, tal e como aparece recollido no "Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC": "Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario".

Diversidade:

A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñibles na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, co a Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas, entre outras medidas). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.



Bibliografía básica	<p>(Bibliografía básica) Altick, Richard D., and John Fenstermaker. <i>The Art of Literary Research</i>. W. W. Norton & Co., 1992. Bourdieu, Pierre, et al. <i>Academic Discourse: Linguistic Misunderstanding and Professional Power</i>. Stanford UP, 1994. Canagarajah, A. Suresh. <i>Critical Academic Writing and Multilingual Students</i>. The U of Michigan P, 2002. <i>The Chicago Manual of Style</i>. The U of Chicago P, 2010. Da Sousa Correa, Delia, and W. R. Owens, editors. <i>The Handbook to Literary Research</i>. Routledge, 2009. Durham, Meenakshi Gigi, and Douglas M. Kellner, editors. <i>Media and Cultural Studies: Keywords</i>. Wiley-Blackwell, 2012. Eagleton, Terry. 2008 [1983]. <i>Literary Theory: An Introduction</i>. 3rd Edition. Minneapolis: University of Minnesota Press. Henry, D. J., and A. Dorling Kindersley. <i>Writing for Life: Paragraph to Essay</i>. Longman, 2007. <i>The Hodges Harbrace Handbook</i>. Wadsworth, 2010. Leitch, Vincent B., et al, editors. <i>The Norton Anthology of Theory and Criticism</i>. W. W. Norton & Co., 2010. <i>MLA Handbook</i>. Modern Language Association, 2021. Soriano, Ramón. <i>Cómo se escribe una tesis. Guía práctica para estudiantes e investigadores</i>. Berenice, 2008. Walker, Melissa. <i>Writing Research Papers. A Norton Guide</i>. W. W. Norton & Co., 1996. Wisker, Gina. <i>The Postgraduate Research Handbook</i>. Palgrave Macmillan, 2007. Zapf, Hubert. <i>Ecocriticism, Cultural Ecology, and Literary Studies</i>. <i>Ecozon@</i>, vol 1. n. 1., 2010. (Webs básicas) <i>MLA Style Center</i>. Modern Language Association of America, 2021, style.mla.org/. Accessed 16 July 2021. <i>The Norton Introduction to Literature</i>. www.norton.com/college/english/litweb10/writing/. Accessed 16 July 2021. <i>The Purdue OWL Family of Sites. The Writing Lab and OWL at Purdue and Purdue University</i>, 2008, owl.purdue.edu/owl/research_and_citation/mla_style/mla_formatting_and_style_guide/mla_formatting_and_style_guide.html. Accessed 16 July 2021.</p>
Bibliografía complementaria	<p>Carlos Muñoz Razo. <i>COMO ELABORAR Y ASESORAR UNA INVESTIGACION DE TESIS</i>. 2ª ED. Madrid, Prentice Hall - ISBN: 9786073204569. 297 págs. 2011. Manuel Belmonte. <i>ENSEÑAR A INVESTIGAR: LIBRO DEL ALUMNADO</i>. Bilbao, Mensajero - ISBN: 9788427132177. 424 págs. + CD. 2011</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías